



CONCELLO DE NIGRÁN (Pontevedra)

Pza Constitución, 1 CP 36350
Tfno. 986 365 000 Fax 986 383 931

Expte: 2020004520Sv

Asunto: Licitación explotación dos servizos temporais en praias do municipio, tempada 2021

Resolución: aprobada por resolución da Alcaldía de data 31 de marzo de 2021

PREGO DE CONDICIÓN

- LICITACION: EXPLOTACION DOS SERVICIOS TEMPORAIS EN PRAIAS, AÑO 2021 -

1. CONVOCATORIA E NATUREZA XURÍDICA.- Convócase licitación pública para a adxudicación da explotación dos servizos de tempada de verán nas praias do municipio de Nigrán durante a tempada estival de 2021.

A explotación dos servizos de tempada nas praias regúlase nos arts. 53 da Lei 22/1988, do 28 de xullo, de Costas, e 113 e seguintes do Real Decreto 876/2014, do 10 de outubro, polo que se aprobou o Regulamento Xeral de Costas, configurándose como unha autorización administrativa para a ocupación do dominio público marítimo-terrestre.

2. INSTALACIÓNS E SERVIZOS OBXECTO DE LICITACIÓN E PREZOS MÍNIMOS.- As instalacións e servizos obxecto de licitación están constituídas polos diferentes postos de venda e aluguer que de seguido se relacionan, indicados no plano que se incorpora como Anexo I. Os prezos mínimos de licitación se refiren á tempada estival do ano 2021.

Os particulares interesados poderán presentar a súa oferta polos seguintes postos, que se licitan de xeito individual, sendo o prezo mínimo de licitación o establecido na seguinte táboa para cada un deles.

Nº identificativo	Emprazamento	Uso
1	Praia de Patos	Posto de venda de xeados, refrescos e alimentos
Prezo mínimo de licitación:		15.625 €

Nº identificativo	Emprazamento	Uso
2	Praia de Patos	Posto de venda de xeados, refrescos e alimentos
Prezo mínimo de licitación:		4.375 €

Nº identificativo	Emprazamento	Uso
3	Praia de Area Fofa	Posto de venda de xeados, refrescos e alimentos
Prezo mínimo de licitación:		2.500 €



**CONCELLO DE NIGRÁN (Pontevedra)**

Pza Constitución, 1 CP 36350
Tfno. 986 365 000 Fax 986 383 931

Nº identificativo	Emprazamento	Uso
4	Praia de Madorra	Posto de venda de xeados, refrescos e alimentos
Prezo mínimo de licitación:		2.500 €

Nº identificativo	Emprazamento	Uso
5	Praia de Panxón	Posto de venda de xeados, refrescos e alimentos
Prezo mínimo de licitación:		19.000 €

Nº identificativo	Emprazamento	Uso
6	Praia América	Posto de venda de xeados, refrescos e alimentos
Prezo mínimo de licitación:		24.000 €

Nº identificativo	Emprazamento	Uso
7	Praia América	Posto de venda de xeados, refrescos e alimentos
Prezo mínimo de licitación:		22.900 €

Nº identificativo	Emprazamento	Uso
8	Praia América	Posto de venda de churros
Prezo mínimo de licitación:		2.500 €

Dentro dos prezos tipo mínimos dos diferentes postos inclúense o prezo municipal e o canon da Dirección Xeral de Costas.

3.- PAGO DO PREZO.- O prezo de adxudicación referirase á tempada de verán correspondente ao ano 2021. O Concello emitirá unha liquidación polo importe que resulte da adxudicación. A dita liquidación será notificada aos adxudicatarios, concedéndolle para o seu pago en período voluntario o prazo a que se refire o artigo 62.2 da Lei 58/2003, do 17 de decembro, Xeral Tributaria.

O pago realizarase con arranxo ao establecido no Regulamento Xeral de Recadación (RD 939/2005 do 29 de xullo), incluída a posibilidade de solicitar aprazamento ou fraccionamento de pago nos termos e coas condicións establecidas nos artigos 44 a 54 da citada norma regulamentaria, así como nas Bases de Execución do Orzamento do Concello de Nigrán do exercicio de 2020 prorrogado





para este ano 2021.

4.- CONSECUENCIAS DA FALTA DE PAGAMENTO.- A falta de pagamento total ou de algunha das fraccións do canon ao seu vencemento, dará lugar ao inicio da vía executiva de cobro polos importes non ingresados, así como á incautación da garantía constituída, coa cal se compensará, ata onde alcance, a débeda pendente de pago. Polo resto de débeda non aboada nin compensada, seguirase o procedemento recadatorio en vía de prema.

5. DURACIÓN E CONDICIÓN.- A adxudicación faise pola tempada de verán do ano 2021, entendéndose por tal o período comprendido entre o 1 de maio e o 30 de setembro de 2020.

De resolverse a licitación en data posterior ao 1 de maio iniciarase a actividade dende a data da dita resolución, reducíndose o prezo de adxudicación de xeito proporcional.

Ningún adxudicatario poderá iniciar a actividade antes do 1 de xullo nin continuala despois do 30 de setembro. Chegado o 1 de outubro, as instalacións e o material deberán estar retirados do dominio público. Se nesta última data non se producira a retirada, a fará o Concello reintegrándose os gastos a costa do adxudicatario con incautación da fianza.

Non se concederán prórrogas da adxudicación.

Os adxudicatarios explotarán as instalacións baixo o seu exclusivo risco e responsabilidade. En caso de revogación da autorización concedida por causas sobrevidas, de interese público ou de protección do dominio público marítimo-terrestre, o adxudicatario non terá dereito a indemnización algunha.

As adxudicacións outórganse con carácter persoal e intransferible *inter vivos*.

6. CARACTERÍSTICAS DAS INSTALACIÓNS.- Os postos serán das características que se sinalan e cumprirán as seguintes condicións:

A) A superficie de ocupación dos postos de venta non superará os 20 metros cadrados, estando incluída no cómputo desta superficie todos os elementos que constitúan o establecemento.

B) O material de construción dos postos será a madeira. A Instalación debe armonizar co entorno mediante materiais adecuados, de cor madeira e de boa calidade e aspecto estético, e en bo estado de conservación. O mobiliario será de madeira ou tea, de deseño uniforme. Prohíbense expresamente os mobles de plástico ou de cores estridentes.

C) Non conterán saíntes ou marquesiñas de altura inferior a 1,9 metros.





CONCELLO DE NIGRÁN (Pontevedra)

Pza Constitución, 1 CP 36350
Tfno. 986 365 000 Fax 986 383 931

D) Serán totalmente desmontables, entendéndose por tales os así definidos no art. 51 da Lei 22/1988, do 28 de xullo, de Costas. Non se permitirá a construción de obras de fábrica ou outras fixas.

E) Durante o período de duración deberán manterse nun axeitado estado de conservación e ornato.

F) Os postos de venta deberán contar co subministro de enerxía eléctrica, que xestionará directamente o adxudicatario coa empresa subministradora, aboándolle o prezo que corresponda polo consumo.

Deberá dispoñerse no establecemento dunha copia do certificado de instalación eléctrica ("boletín eléctrico") emitido por instalador autorizado."

G) Deberán instalarse con exactitude no lugar indicado polo Concello para a súa conexión ás redes de abastecemento de auga e saneamento. Os consumos e taxas devengadas serán satisfeitos polo adxudicatario.

H) Tódolos postos de venta deberán contar con iluminación externa que cubra un mínimo de 5 metros cadrados dende a fachada exterior e deberá permanecer acesa durante as horas nocturnas.

7. OBRIGAS XERAIS DOS ADXUDICATARIOS.- Tódolos adxudicatarios deberán cumprir, ademais das contidas no art. 79 do Real Decreto 876/2014, do 10 de outubro, polo que se aprobou o Regulamento Xeral de Costas, as seguintes obrigas:

A) Figurarán dados de alta no epígrafe correspondente do IAE, así como na Seguridade Social, durante toda a tempada.

B) Non se permitirán as seguintes actuacións sobre o dominio público marítimo-terrestre:

1. Desmontes, movementos de area, actuacións sobre dunas, terraplenados e similares.
2. Acotacións do paso ao público.
3. Instalación de casetas de elementos portátiles ou de uso particular, nin as de garda de materiais ou obxectos de calquera clase.

C) Deberase exhibir en calquera momento no que así se solicite a resolución de adxudicación ou copia da mesma, que deberá estar dispoñible no establecemento.

D) Prohíbese a publicidade a través de carteis ou vallas ou por medios acústicos ou audiovisuais.

E) Cando o adxudicatario non leve a cabo as accións debidas, o Servizo de Costas ou o Concello poderán proceder á súa execución subsidiaria, sendo o importe dos gastos a cargo do adxudicatario.





CONCELLO DE NIGRÁN (Pontevedra)

Pza Constitución,1 CP 36350
Tfno. 986 365 000 Fax 986 383 931

F) O adxudicatario queda obrigado a manter en bo estado as instalacións e o seu contorno.

G) O horario de funcionamento discorrerá con carácter xeral dende as 10:00 horas ata as 23:00 horas, agás o disposto na normativa específica. O posto núm. 8 poderá abrir a partir das 8:30 horas. En calquera caso, o anterior quedará condicionado ás medidas que poda adoptar ao respecto a autoridade sanitaria.

H) Extinguida a autorización por calquera motivo, o adxudicatario retirará do dominio público e da súa zona de servidume as instalacións correspondentes no prazo de 4 días, cando así o determine o Servizo de Costas ou o Concello, agás nos casos de finalización normal do prazo autorizado, nos que a retirada das instalacións realizárase de conformidade co indicado no apartado 5 do presente prego. Asemade, a retirada das instalacións deberá acompañarse da restauración da realidade física alterada.

I) Serán causa de revogación parcial ou total da autorización, ademais dos supostos previstos con carácter xeral na normativa sectorial costas, os seguintes:

1. A alteración dos usos autorizados.
2. O aumento da ocupación autorizada en mais dun 10%.
3. O almacenamento exterior de acopios, ou depósito dos residuos das explotacións.
4. Evacuar ou verter augas residuais e desperdicios sólidos.
5. A instalación de fosas sépticas non autorizadas.
6. O incumprimento das condicións da adxudicación, das prohibicións establecidas con carácter xeral na normativa sectorial de Costas, así como das indicacións e instrucións ditadas pola Xefatura do Servizo Provincial de Costas ou polo propio Concello.

J) Deberán asumir á súa costa o cumprimento da normativa referida ao COVID-19, que en cada momento lle resulte aplicable.

8. OBRIGAS PARTICULARES DOS ADXUDICATARIOS DE POSTOS DE VENDA.- Ademais das obrigas xerais do apartado 7, os adxudicatarios de postos de venda deberán cumprir as seguintes obrigas:

A) Prestarase aos usuarios o servizo propio da actividade nas condicións que normativamente corresponda aplicar.

En particular, a actividade desenvolverase respectando en todo momento as medidas impostas pola autoridade sanitaria en materia de prevención da COVID-19.

B) As bebidas estarán envasadas e etiquetadas, prohíbense os graneles. Os alimentos autorizados son embutidos, queixos, froitas, xeados e similares que non precisen ser cociñados para o consumo, e que estarán gardados en neveiras ou





armarios frigoríficos.

C) Fora dos postos non se permitirá a instalación ou depósito, nin sequera temporal, de frigoríficos, conxeladores, electrodomésticos e mobles en xeral, nin tampouco o depósito, exposición para o aluguer ou venda de cadeiras, hamacas, flotadores, piscinas e similares.

D) Manter os baños colindantes que instale o Concello en perfecto estado de uso hixiénico. Os baños deberán limparse como mínimo dúas veces diarias, e as demais que sexan necesarias para mantelos en condicións axeitadas. Controlarase e reporase o papel hixiénico preciso. Así mesmo manteranse limpas as beirarrúas e papeleiras do entorno dos baños e postos.

E) Os adxudicatarios non poderán celebrar espectáculos tales como concertos ou actuacións, agás no caso de que contén coa autorización expresa do titular do dominio público. Neste caso, os eventos deberán desenvolverse respectando os condicionamentos que se impoñan polo titular do dominio e polo Concello.

9. OUTRAS AUTORIZACIÓNS.- O outorgamento da autorización non exime ó adxudicatario da obtención doutras autorizacións legalmente procedentes, nin da observancia da normativa vixente sobre a seguridade humana en lugares de baño, emprego de embarcacións deportivas ou de recreo, navegación, establecementos expendedores de alimentos e bebidas, e ruídos e contaminación acústica.

10. SEGURO DE RESPONSABILIDADE CIVIL.- Os adxudicatarios deberán contratar un seguro de responsabilidade civil por danos a terceiros polo importe mínimo de 150.000 euros de capital asegurado, de conformidade co establecido nos arts. 8 e disposición transitoria terceira, apdo. 4, da Lei 10/2017, do 27 de decembro, de espectáculos públicos e actividades recreativas de Galicia.

Os adxudicatarios acreditarán a contratación do seguro antes do inicio da actividade, mediante presentación da correspondente póliza para a súa toma de razón polo Concello, e o recibo de pagamento das primas correspondentes ao período do seguro en curso ou a copia destes, para toma de razón."

11. SANCIÓN.- O incumprimento polo adxudicatario de algunha das súas obrigas dará lugar a apertura dun expediente sancionador que pode concluír coa imposición das seguintes sancións:

A) pola primeira infracción: multa de 300 € a 600 €

B) pola segunda infracción: multa de 601 € a 3.000 €

C) pola terceira infracción ou seguintes: multa de 3.001 € a 6.000 €, e a retirada da autorización de explotación, e/ou a imposibilidade de participar nas licitacións que se realicen co mesmo obxectivo durante os seguintes cinco anos.





Todo elo sen prexuízo do réxime sancionador previsto na lexislación sectorial en materia de costas.

12. CRITERIO DE SELECCIÓN.- Para a valoración das ofertas de cada posto terase en conta a oferta economicamente mais vantaxosa.

Os postos adxudicaranse ao licitador que ofrezca o prezo máis elevado. No caso de que se produzan renuncias, os postos adxudicaranse á seguinte mellor oferta.

De concorreren ofertas idénticas, a adxudicación resolverase por sorteo.

13. GARANTÍA.- As garantías que de seguido se indican poderán constituírse en calquera das formas admitidas na lexislación de contratos do sector público:

1. Provisional ou para participar na licitación: Os particulares que pretendan participar haberán de acreditar que constituíron na Tesourería Municipal unha fianza equivalente ao 50% do prezo tipo mínimo de licitación do posto correspondente.

Unha vez rematado o proceso de licitación, procederase á devolución da fianza provisional aos licitadores non adxudicatarios.

2. Definitiva ou que deberán prestar os adxudicatarios: Os adxudicatarios constituirán unha fianza por un importe do 15% do prezo de adxudicación.

Unha vez presentada a fianza definitiva polo adxudicatario, procederase pola Administración a devolverlle a fianza provisional.

A fianza definitiva devolverase, previa solicitude, unha vez rematado o período de explotación, previa comprobación polo Concello de que non existen danos ou gastos que deban ser imputados ó adxudicatario, e que o canon foi integramente aboado.

3. Fianza para levantamento de ocupacións: Cada adxudicatario constituirá na Caixa Xeral de Depósitos da Delegación de Facenda da Administración Xeral do Estado ou en calquera das súas sucursais, no momento da adxudicación e antes do inicio da instalación, un depósito a razón de 25 € por metro cadrado ocupado.

A fianza poderá recuperarse ao finalizar o período de adxudicación previa solicitude de devolución.

14. LICITADORES.- Poderá participar calquera persoa física ou xurídica con capacidade de obrar, por si mesma ou debidamente representada, que estea ao corrente do pago das súas obrigas tributarias, coa Seguridade social e co Concello.

Non se considerarán as solicitudes de persoas que na data da finalización do prazo para presentar as instancias non estean ao corrente do pagamento das taxas ou canon correspondente a exercicios anteriores.





15. PROPOSTAS.- As propostas presentaranse en dous sobres:

•Sobre A - Oferta económica e estudo económico-financeiro: Presentarase en sobre pechado, de acordo co modelo incorporado a este prego de condicións como Anexo nº I.

Cada licitador poderá presentar unha única oferta por cada posto, e deberá igualar ou superar o prezo mínimo de licitación establecido no apartado segundo deste prego.

Ningún licitador poderá optar a máis de dous postos.

Aos efectos previstos nos arts. 87, 89 e 181 do Real Decreto 876/2014, do 10 de outubro, do Regulamento Xeral de Costas, e de conformidade coa comunicación da Xefatura do Servizo de Costas do 18/02/2020, o interesado deberá indicar os gastos estimados para a explotación do posto que se recollen no modelo.

•Sobre B – Declaración responsable e, no seu caso documentación complementaria: Os licitadores, nun sobre distinto daquel no que se inclúa a oferta económica, deberán achegar declaración responsable indicando que cumpren as condicións establecidas legalmente para contratar coa Administración, conforme ao modelo incluído no Anexo II deste prego, xuntando a documentación alí indicada.

En orde a garantir o bo fin do procedemento, poderase recabar dos licitadores en calquera momento a seguinte documentación:

A) Resgardo acreditativo de ter constituída a fianza provisional.

B) Xustificación de estar ao corrente de pago das súas obrigas tributarias coa facenda da Administración Xeral do Estado e da Xunta de Galicia e coa Seguridade Social e aportar posteriormente os correspondentes certificados referidos ó período de explotación.

C) Fotocopia compulsada do carnet de manipulador de alimentos do persoal (para os licitadores de postos de venda).

D) Calquera outra que garde relación co obxecto do procedemento.

16. PRAZO DE PRESENTACIÓN DE PROPOSTAS.- As propostas deberanse presentar no Rexistro Xeral do Concello de Nigrán (Casa Consistorial, Praza da Constitución, nº 1) ou a través de calquera dos medios admitidos no art. 16 da Lei 39/2015, do procedemento administrativo común das administracións públicas, en todo caso dentro dos 15 días seguintes ao da publicación da convocatoria no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra (BOP). No caso de que a solicitude non se presente directamente no rexistro xeral do Concello, o licitador deberá dirixir por fax ao número 986 38 39 31 unha copia da instancia co selo do rexistro de entrada do organismo correspondente ou cuño de Correos, con anterioridade ao remate do prazo.





17. ADXUDICACIÓN.- Concluído o prazo para a presentación de ofertas, realizarase a apertura dos “Sobres B”, concedéndose un prazo non superior a 3 días hábiles para que os ofertantes corrixan eventuais defectos subsanables ou acheguen documentos que o Concello lles poda requirir. A apertura dos “Sobres A” realizarase posteriormente en acto publico anunciado previamente no taboleiro de edictos do Concello e na sede electrónica.

As ofertas valoraranse conforme ao establecido no apartado 12 deste prego. A adxudicación definitiva realizarase mediante resolución de Alcaldía.

Se o adxudicatario non comparecera, non pagara a totalidade do prezo de adxudicación ou desistira da mesma sen causa xustificada en calquera momento, quedará sen efecto aquela, con perda da fianza provisional ou, no seu caso, definitiva, que ingresará no orzamento do Concello de Nigrán, e sen prexuízo das demais responsabilidades a que haxa lugar. Nestes casos, de resultar posible, a adxudicación farase en favor do licitador que teña presentado a seguinte mellor oferta económica, trala comunicación a este e aceptación pola súa parte.

Ademais do anterior, o adxudicatario que non comparecera, non pagara a totalidade do prezo de adxudicación ou desistira da mesma sen causa xustificada en calquera momento, non poderá concorrer á licitación da explotación de servizos temporais de praias do Concello de Nigrán correspondente á seguinte tempada.

18. LEGISLACIÓN APLICABLE E XURISDICIÓN COMPETENTE.- No que non se prevexa no presente prego resultará de aplicación a normativa seguinte:

- Lei 22/1988, do 28 de xullo, de Costas
- Real Decreto 876/2014, do 10 de outubro, polo que se aprobou o Regulamento Xeral de Costas
- Lei 33/2003, do 3 de novembro, do Patrimonio das Administracións Públicas
- Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se transpoñen ao ordenamento xurídico as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014
- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas
- Lei 40/2015, do 1 de outubro, do réxime xurídico das Administracións Públicas
- Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do Solo de Galicia
- Lei 7/1985, do 2 de abril Reguladora das Bases do Réxime Local e normativa local complementaria

Supletoriamente, aplicaranse as demais normas do Dereito Administrativo e, en defecto deste, as do Dereito Privado.

Será competente para entender en vía xurisdiccional das cuestións que eventualmente se desprendan do presente prego os xulgados e tribunais previstos na Lei 6/1985, do 1 de xullo, do Poder Xudicial, e na Lei 29/1998, do do 13 de xullo, reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa.





CONCELLO DE NIGRÁN (Pontevedra)

Pza Constitución, 1 CP 36350
Tfno. 986 365 000 Fax 986 383 931

ANEXO I

MODELO DE OFERTA ECONÓMICA E ESTUDO ECONÓMICO-FINANCIERO

DNI ou CIF	Nome e apelidos ou razón social	Teléfono			
ENDEREZO A EFECTOS DE NOTIFICACIÓNS					
Nome da rúa, praza, etc		Número	Piso	Porta	Código Postal
Parroquia	Municipio	Provincia	Correo electrónico		
DATOS DO REPRESENTANTE (no caso de existires)					
DNI ou CIF	Nome e apelidos ou razón social	Teléfono			

DIGO:

1. Que desexo participar na licitación convocada polo Concello de Nigrán para a adxudicación da explotación dos servizos temporais en praias para a tempada 20 , polo que declaro coñecer e aceptar o prego de condicións, e aos efectos do previsto no seu apartado relativo ás propostas, **manifesto**:

A) Que polo posto con nº identificativo da praia de , ofrezco a cantidade de euros.

2. Que aos efectos previstos nos arts. 87, 89 e 181 do Real Decreto 876/2014, do 10 de outubro, do Regulamento Xeral de Costas, os **gastos estimados** para a explotación do posto antes sinalado son os seguintes:

Compra ou aluguer da caseta euros

Transporte da caseta euros

Alta nos servizos urbanos euros

En cumprimento do Regulamento xeral de protección de datos 2016/679 do Parlamento Europeo, do 27 de abril de 2016 e da Lei orgánica 3/2018 de 5 de decembro de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais, informámoslle que os datos persoais reflectidos neste impreso trátanse polo Concello de Nigrán coa finalidade de xestionar o procedemento que inicia con este formulario. O mencionado tratamento é necesario para o cumprimento dunha misión realizada en interese público e para o exercicio de poderes públicos conferidos ao responsable do tratamento (artigo 6 do Regulamento xeral de protección de datos 2016/679 do Parlamento Europeo). Poderá exercer os seus dereitos de acceso, rectificación, limitación do tratamento ou calquera outro establecido na normativa vixente ante o responsable do tratamento.

- Responsable: Concello de Nigrán, con CIF P3603500D e enderezo na Praza da Constitución, núm. 1, Nigrán (Pontevedra)
- Destinatario: Departamentos municipais con competencias na tramitación do expediente ou, cando corresponda, empresas concesionarias de servizos públicos ou outras administracións públicas.
- Conservación: Os seus datos trátanse durante o tempo necesario para resolver o expediente e conservárase durante os prazos de prescrición establecidos na normativa aplicable.

En Nigrán, a de de 20

Asinado:





CONCELLO DE NIGRÁN (Pontevedra)

Pza Constitución, 1 CP 36350
Tfno. 986 365 000 Fax 986 383 931

ANEXO II

MODELO DE DECLARACIÓN RESPONSABLE E DOCUMENTACIÓN COMPLEMENTARIA

DNI ou CIF	Nome e apelidos ou razón social	Teléfono			
ENDEREZO A EFECTOS DE NOTIFICACIÓNS					
Nome da rúa, praza, etc		Número	Piso	Porta	Código Postal
Parroquia	Municipio	Provincia	Correo electrónico		
DATOS DO REPRESENTANTE (no caso de existires)					
DNI ou CIF	Nome e apelidos ou razón social	Teléfono			

DIGO:

Que desexo participar na licitación convocada polo Concello de Nigrán para a adxudicación da explotación dos servizos temporais en praias para a tempada 20 , en concreto concorrendo á licitación do posto con nº identificativo da praia de , polo que declaro coñecer e aceptar o prego de condicións, e aos efectos do previsto no seu apartado relativo ás propostas, formulo a seguinte **declaración responsable**:

- Que me atopo ao corrente do pago das obrigas tributarias e coa seguridade social, e que non debo cantidade algunha ao Concello pola explotación de servizos de praias correspondentes a anos anteriores.
- Que constituín a fianza provisional esixida no Prego de condicións.
- Que, no caso de resultar adxudicatario, o persoal que prestará servizos nos postos estará en disposición do carné de manipulador de alimentos en vigor.
- Que, no caso de resultar adxudicatario, subscribirase un seguro de responsabilidade civil fronte a terceiros, así como un seguro de accidentes.
- Que podo xustificar documentalmente todo o anterior.

Aos efectos anteriores, **xúntase a seguinte documentación**:

- ☐ Fotocopia do DNI ou tarxeta de residencia para as persoas físicas, ou fotocopia da escritura de constitución e CIF para as persoas xurídicas.
- ☐ Poder abondo do representante da persoa xurídica ou da persoa física, no seu caso.

En cumprimento do Regulamento xeral de protección de datos 2016/679 do Parlamento Europeo, do 27 de abril de 2016 e da Lei orgánica 3/2018 de 5 de decembro de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais, informámoslle que os datos persoais reflectidos neste impreso trátanse polo Concello de Nigrán coa finalidade de xestionar o procedemento que inicia con este formulario. O mencionado tratamento é necesario para o cumprimento dunha misión realizada en interese público e para o exercicio de poderes públicos conferidos ao responsable do tratamento (artigo 6 do Regulamento xeral de protección de datos 2016/679 do Parlamento Europeo). Poderá exercer os seus dereitos de acceso, rectificación, limitación do tratamento ou calquera outro establecido na normativa vixente ante o responsable do tratamento.





CONCELLO DE NIGRÁN (Pontevedra)

Pza Constitución,1 CP 36350
Tfno. 986 365 000 Fax 986 383 931

- Responsable: Concello de Nigrán, con CIF P3603500D e enderezo na Praza da Constitución, núm. 1, Nigrán (Pontevedra)
- Destinatario: Departamentos municipais con competencias na tramitación do expediente ou, cando corresponda, empresas concesionarias de servizos públicos ou outras administracións públicas.
- Conservación: Os seus datos trátanse durante o tempo necesario para resolver o expediente e conservárase durante os prazos de prescrición establecidos na normativa aplicable.

En Nigrán, a de de 20

Asinado:





CONCELLO DE NIGRÁN (Pontevedra)

Pza Constitución,1 CP 36350
Tfno. 986 365 000 Fax 986 383 931

GARANTIA PROVISIONAL

1º.- Ingresar en una de las cuenta del Ayuntamiento que a continuación se relacionan:

Abanca, nº ES79- 2080-5052-13-3040007973

La Caixa, nº ES84 2100 4790 4002 0003 9907

Indicar: **Nombre y apellidos -----**
 Expte: 202.....
 Nº puesto: -----

2º.- - Meter en sobre B copia del resguardo

